

CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E
VIGUESAS DE BASE DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS
TEMPADA 2019/2020

-BASES DA CONVOCATORIA-

OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a concesión de axudas a deportistas vigueses e viguesas de base de modalidades individuais que auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición, acreditando un rendemento inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva.

FINALIDADE

Consolidar a progresión dos rendementos deportivos, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións, perfeccionamento e adquisición de material técnico da tempada 19/20 (dende o 1 de xullo de 2019 ao 30 de xuño de 2020).

REQUISITOS BENEFICIARIOS/AS

- 1º) Estar empadroados/as en Vigo de forma continuada como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2019.
- 2º) Nados/as a partir do 1 de xaneiro de 1997.
- 3º) Ter licencia federada vinculada a una entidade deportiva sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo (excepto nas modalidades deportivas con licencia nacional expedida pola federación nacional correspondente ou cando da modalidade non haxa club en Vigo).
- 4º) Competir nunha modalidade considerada individual, ben de forma individual, parella, trío ou cuarteto.
- 5º) Ter participado entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020 nalgunha competición federada de ámbito estatal ou internacional incluída no listado de criterios de concesión.
- 6º) Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

CONTÍA TOTAL

Cada unha das axudas concedidas contará cunha dotación máxima de 1.000 € brutos; cun total de 20.000 € en axudas. Suxeitas á retención correspondente por lei.
Contémplase a posibilidade de que a bolsa concedida sexa compartida en dúos, tríos ou cuartetos.

INCOMPATIBILIDADE

Serán rexeitadas as solicitudes de deportistas beneficiarios das “Axudas para Deportistas de Alto Nivel da Cidade de Vigo” dinamizadas pola Concellería de Deportes para a tempada 19/20.
O deportista non deberá estar incluído no programa “Ayudas a Deportistas Olímpicos” (A.D.O.) ou estar recoñecido coma deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

As solicitudes formalizaranse coa seguinte documentación:

- Formulario de datos persoais e historial deportivo anexos a estas bases (I e II).
- Fotocopia compulsada da licenza federativa da tempada 2019/2020.
- Fotocopia do DNI do/a deportista solicitante e do/a representante legal no caso de que o/a solicitante sexa menor de idade.
- Volante de empadramento en Vigo (www.vigo.org).
- Certificado da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da bolsa.

CRITERIOS DE CONCESIÓN E VALORACIÓN

Para a concesión das axudas consideraranse os méritos deportivos obtidos polos/as deportistas durante a tempada 2019/2020.

A Comisión de Valoración observará os seguintes baremos de puntuación, tendo en conta que no caso de participar en varias probas dun mesmo campionato ou copa só se terá en consideración a puntuación máis alta.

A Comisión tamén considerará a discriminación positiva en caso de igualdade entre deportistas, si o solicitante nunca recibiu axuda de VIDE, si a modalidade é de competición ou de exhibición, o número de axudas conqueridas pola modalidade na presente convocatoria, ou si é deporte olímpico ou non e o número de comunidades participantes no campionato e o seu impacto en número de licenzas en Galicia.

O Comité poderá valorar o outorgamento de axudas especiais a deportistas no caso de situación excepcionais.

A. CAMPIONATO DO MUNDO. Pola participación 20 puntos, e por resultados:

Campión/a	12 Puntos
Subcampión/a	10 Puntos
Terceiro posto	8 puntos
Do 4º ao 10º posto	5 Puntos

Valoración segundo o nº de participantes: máis de 15 participantes **5 puntos** e menos de 15 participantes **3 puntos**.

B. COPA DO MUNDO OU CIRCUITO OFICIAL MUNDIAL. Pola participación 12 puntos, e por resultados:

Campión/a	8 Puntos
Subcampión/a	6 Puntos
Terceiro posto	4 puntos
Do 4º ao 10º posto	2 Puntos

Valoración segundo o nº de participantes: máis de 15 participantes **5 puntos** y menos de 15 participantes **3 puntos**.

C. CAMPIONATO DE EUROPA. Pola participación 15 puntos, e por resultados:

Campión/a	10 Puntos
Subcampión/a	8 Puntos
Terceiro posto	6 puntos
Do 4º al 10º posto	4 Puntos

Valoración segundo o nº de participantes: máis de 15 participantes **4 puntos** e menos de 15 participantes **2 puntos**.

D. COPA DE EUROPA OU CIRCUITO OFICIAL EUROPEO. Pola participación 10 puntos, e por resultados:

Campión/a	6 Puntos
Subcampión/a	4 Puntos
Terceiro posto	2 puntos
Do 4º al 10º posto	1 Puntos

Valoración segundo o nº de participantes: máis de 15 participantes **4 puntos** e menos de 15 participantes **2 puntos**.

E. CAMPIONATO DE ESPAÑA. Pola participación 5 puntos, e por resultados:

Campión/a	4 Puntos
Subcampión/a	2 Puntos
Terceiro posto	1 puntos
Do 4º al 10º posto	0,5 Puntos

Valoración segundo o nº de participantes: máis de 15 participantes **3 puntos** e menos de 15 participantes **1 punto**.

F. COPA DE ESPAÑA OU CIRCUITO OFICIAL ESPAÑOL. Pola participación 2 puntos, e por resultados:

Campión/a	2 Puntos
Subcampión/a	1 Puntos
Terceiro posto	0,5 puntos

Valoración segundo o nº de participantes: máis de 15 participantes **3 puntos** e menos de 15 participantes **1 punto**.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será dende o **19 de novembro ao 3 de decembro de 2020**, ambos inclusive. A solicitude xunto coa documentación deberá enviarse telemáticamente na dirección de correo electrónico: **vide@vide.es**

REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao/á solicitante para que, no prazo improrrogable de 7 días naturais, proceda á enmenda de erros ou presentación a maiores a documentación que se considere necesaria. Transcorrido dito prazo sen enmenda terase ao interesado por desistido da solicitude.

Haberá un prazo de quince días dende o fallo das axudas para presentar alegacións. A Fundación VIDE resolverá no prazo dun mes de xeito inapelable.

A presentación do/a solicitante a esta convocatoria implica a plana aceptación das súas bases.

PROCEDIMENTO

A Comisión de Valoración está integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación Vigo en Deporte; e cun prazo para resolver non superior a un mes a partir da data final de presentación de solicitudes.

OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

- 1ª) Responder da veracidade dos datos aportados, baixo a responsabilidade da persoa que suscribe a solicitude.
 - 2ª) Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida.
 - 3ª) Prestar a súa colaboración e imaxe cando se solicite por parte da Fundación VIDE e do Concello de Vigo.
 - 4ª) Facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE e do Concello de Vigo durante as competicións ou manifestacións deportivas.
- O incumprimento dalgún dos anteriores puntos provocará aconsecuente anulación desta axuda e o seu reintegro por parte do/a beneficiario/a.